



## COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

Reunión do día 20 de marzo de 2018

---

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ

SRAS/ES-CONCELLEIRAS/OS:

SERÉN MERA, PÉREZ CALLÓN, GARCÍA SANMARTÍN, MARÍA MOCHALES, MÉNDEZ VARELA, PÉREZ DORGAMBIDE, CASTRO VIDAL, SUÁREZ SARMIENTO, MOSQUERA LEAL, CESAR VELOSO, GONZÁLEZ SOMOZA e ALVES LAGO.

SECRETARIA:

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

---

### **DITAME**

**3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM PARA O EXERCICIO DE 2018, ANEXO DE INVESTIMENTOS, OPERACIÓN DE CRÉDITO QUE O FINANCIJA E TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO, ASÍ COMO O CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E CONVOCATORIA PROCEDEMENTO DE PROMOCIÓN INTERNA.**

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do seguinte teor:

#### **MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018**

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral, a aprobación do teito de gasto non financeiro e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2018 cun importe consolidado que ascende a **27.435.573,10 euros**, no Estado de Ingresos, e **27.435.573,10 euros**, no Estado de Gastos, cun superávit por tanto de 0 euros, acompañado desta Memoria na que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas respecto ao exercicio anterior.

A elaboración dun Orzamento constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio, que debe realizarse nun marco de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e crecemento económico controlado, obxectivos fiscais coherentes coa normativa europea.

A normativa imperante na materia recollida na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Orzamentaria 2/2012, de 27 de abril, a cal supuxo un cambio radical na elaboración, aprobación e execución dos orzamentos, así como dos demais actos que afecten en materia de gastos e ingresos, consagra uns principios básicos de sostibilidade orzamentaria, plurianualidade, transparencia, responsabilidade, eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos e de lealdade institucional.



O orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio 2018 trata de recoller a aplicación práctica de todos estes principios, sentando as premisas para a execución orzamentaria municipal ao tempo que se configura como instrumento fundamental que permite realizar un seguimento exhaustivo do grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade, regra do gasto e límite de débeda, unha labor de fiscalización continúa que permite diagnosticar a tempo posibles desviacións e, de ser preciso, a adopción das medidas correctoras que procedan.

Resulta obrigado destacar que se trata do primeiro orzamento dende o exercicio 2012 que non é confeccionado dentro do marco fixado polo Plan de Axuste aprobado ao abeiro do RD Lei 4/2012, e polo tanto non recolle máis compromisos que os adquiridos por este equipo de goberno ante a cidadanía dentro dos principios fixados pola Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e a restante normativa aplicable en materia orzamentaria, cunhas previsións de gasto e ingresos coherentes co actual contexto socio-económico, baseadas en datos actualizados e reais, pois non debemos esquecer que o Orzamento é por definición a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e os dereitos que prevean liquidar durante o correspondente exercicio.

Polo tanto, o presente orzamento dentro do marco orzamentario a medio prazo e as liñas fundamentais aprobadas previamente para o exercicio 2018, trata de dar resposta as prioridades deste goberno dirixidas a satisfacer as demandas veciñais, sen esquecer os obxectivos de mellora e crecemento que veñen impostos pola nova era da administración electrónica e a normativa sobre eficacia e eficiencia na prestación dos servizos públicos.

Unha primeira valoración do documento elaborado para o exercicio 2018 refírese ao contido material do proxecto de Orzamento, debéndose efectuar as consideracións que seguidamente se expresan.

Hoxe presentamos un documento de alto compromiso social que segue tendo por obxectivo a consecución da estabilidade presupostaria, buscando incrementar a eficiencia dos ingresos e os gastos, prestando especial atención ás axudas ao emprego, benestar social, protección do medio ambiente, fomento do deporte e da cultura, sen esquecer o mantemento e mellora das nosas infraestruturas co fin de poder ofrecer uns servizos de calidade; que a súa vez trata de ir recuperando paulatinamente a acción social a favor do persoal municipal que dende o 2012 viuse sometido a numerosas medidas de redución do gasto.

Segue resultando preciso e obrigado aprobar un Orzamento para o exercicio 2018 adaptado á realidade socio-económica, prudente no gasto e realista nos ingresos, dentro dun marco orzamentario e medio prazo de tres anos (2018-2020) e coherente coas liñas orzamentarias fundamentais, dando cumprimento ao disposto no artigo 29 da LOEOSF 20/2012.

Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación se confeccionaron tendo en conta os seguintes fundamentos:

- A liquidación do exercicio 2016.
- As previsións da liquidación do exercicio 2017.
- Os compromisos de achegas doutras administracións públicas, institucións e empresas.
- A valoración do cadro de persoal.
- Os compromisos adquiridos con terceiros, derivados de contratos, convenios, pactos ou acordos, incluídos os de carácter plurianual.
- A cuantificación das necesidades de bens correntes e servizos.
- A valoración da débeda municipal e xuros (carga financeira para o exercicio 2018).
- A regra de gasto para o 2018.
- O teito de gasto non financeiro para 2018.



Os orzamentos municipais para o exercicio 2018 preséntanse equilibrados, asemade cumprese co principio de non afectación de Ingresos e Gastos, salvo nos casos previstos na Lei.

**Os Orzamentos consolidados do Concello e da Fundación Pública de Servizos deportivos municipais ascenden á contía de 27.435.573,10 euros :**

RESUMO XERAL_ ORZAMENTO CONSOLIDADO / 2018						
ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		CI	CI	CI		
	<b>A)OPERACION CORRENTES</b>	<b>23.978.750,02</b>	<b>1.116.895,00</b>	<b>25.095.645,02</b>	<b>1.052.000,00</b>	<b>24.043.645,02</b>
1	Gastos de persoal	10.361.666,19	494.500,00	10.856.166,19	0,00	10.856.166,19
2	Gastos bens correntes	10.572.427,90	502.345,00	11.074.772,90	0,00	11.074.772,90
3	Gastos financeiros	82.000,00	50,00	82.050,00	0,00	82.050,00
4	Transferencias correntes	2.843.766,63	120.000,00	2.963.766,63	1.052.000,00	1.911.766,63
5	Fondo continxencia	118.889,30	0,00	118.889,30	0,00	118.889,30
	<b>B)OPERACIONES DE CAPITAL</b>	<b>1.478.500,00</b>	<b>30.000,00</b>	<b>1.508.500,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.508.500,00</b>
6	Inversións reais	1.350.000,00	30.000,00	1.380.000,00	0	1.380.000,00
7	Transferencias de capital	128.500,00	0,00	128.500,00	0	128.500,00
	<b>C)OPERACIONES FINANCIERAS</b>	<b>1.883.428,08</b>	<b>0,00</b>	<b>1.883.428,08</b>	<b>0,00</b>	<b>1.883.428,08</b>
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0,00	150.000,00
9	Pasivos financeiros	1.733.428,08	0,00	1.733.428,08	0,00	1.733.428,08
	<b>TOTAL</b>	<b>27.340.678,10</b>	<b>1.146.895,00</b>	<b>28.487.573,10</b>	<b>1.052.000,00</b>	<b>27.435.573,10</b>

ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONES	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		PI	PI	PI		
	<b>A)OPERACION CORRENTES</b>	<b>26.060.678,10</b>	<b>1.146.895,00</b>	<b>27.207.573,10</b>	<b>1.052.000,00</b>	<b>26.155.573,10</b>
1	Impostos directos	10.052.156,96	0,00	10.052.156,96	0,00	10.052.156,96
2	Impostos indirectos	374.507,36	0,00	374.507,36	0,00	374.507,36
3	Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos.	5.946.938,32	62.010,00	6.008.948,32	0,00	6.008.948,32
4	Transferencias correntes	9.684.658,11	1.073.000,00	10.757.658,11	1.052.000,00	9.705.658,11
5	Ingresos patrimoniais	2.417,35	11.885,00	14.302,35	0,00	14.302,35
	<b>B)OPERACIONES DE CAPITAL</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
6	Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>C)OPERACIONES FINANCIERAS</b>	<b>1.280.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.280.000,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.280.000,00</b>
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0,00	150.000,00
9	Pasivos financeiros	1.130.000,00	0,00	1.130.000,00	0,00	1.130.000,00
	<b>TOTAL</b>	<b>27.340.678,10</b>	<b>1.146.895,00</b>	<b>28.487.573,10</b>	<b>1.052.000,00</b>	<b>27.435.573,10</b>

**A) ESTADO DE GASTO:**

CAPITULO	2017	2018	DIFERENZA	PORCENTAXE	S/O 2017	S/O 2018	DIFERENZA
Gastos de Persoal	10.003.200,35	10.361.666,19	358.465,84	3,58%	37,09%	37,90%	0,81%
Gastos en bens correntes e servizos	10.229.511,25	10.572.427,90	342.916,65	3,35%	37,93%	38,67%	0,74%
Gastos financeiros	141.240,98	82.000,00	-59.240,98	-41,94%	0,52%	0,30%	-0,22%



Transferencias correntes	2.748.843,86	2.843.766,63	94.922,77	3,45%	10,19%	10,40%	0,21%
Fondo de continxencia	114.907,78	118.889,30	3.981,53	3,46%	0,43%	0,43%	0,01%
<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>23.237.704,22</b>	<b>23.978.750,02</b>	<b>741.045,81</b>	<b>3,19%</b>	<b>86,16%</b>	<b>87,70%</b>	<b>1,55%</b>
Inversións reais	1.682.029,21	1.350.000,00	-332.029,21	-19,74%	6,24%	4,94%	-1,30%
Transferencias de capital	49.000,00	128.500,00	79.500,00	162,24%	0,18%	0,47%	0,29%
<b>GASTOS CAPITAL</b>	<b>1.731.029,21</b>	<b>1.478.500,00</b>	<b>-252.529,21</b>	<b>-14,59%</b>	<b>6,42%</b>	<b>5,41%</b>	<b>-1,01%</b>
Activos financeiros	150.000,00	150.000,00	0,00	0,00%	0,56%	0,55%	-0,01%
Pasivos financeiros	1.852.701,51	1.733.428,08	-119.273,43	-6,44%	6,87%	6,34%	-0,53%
<b>TOTAL</b>	<b>26.971.434,94</b>	<b>27.340.678,10</b>	<b>369.243,17</b>	<b>1,37%</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>0,00%</b>

Orzamento de gastos do Concello para o exercicio 2018 aumenta un 1,37% con respecto ao Orzamento de gastos do exercicio 2017, debido fundamentalmente aos capítulos 1 e 7 de gastos. Os créditos iniciais do 2017 por importe de **26.971.434,94€** aumentan en **369.243,17€**, resultando un orzamento de gastos que ascende a **27.340.678,10€**.

#### **CAPÍTULO I-GASTOS DE PERSOAL:**

Dentro do marco da Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2017 prorrogada ao exercicio 2018, o gasto de persoal incrementase nun 3,58% principalmente como consecuencia da dotación inicial do crédito preciso para afrontar o incremento salarial do 1% aprobado para 2017, da dotación inicial do crédito para afrontar un proceso de promoción interna de 10 auxiliares administrativos no exercicio 2018, así como do crédito preciso para afrontar as achegas municipais a planes de emprego, contratacións temporais, e obradoiros de emprego, o que evidencia o forte compromiso deste Concello có fomento do emprego así como có persoal municipal, sen prexuízo da reorganización de postos de traballo en diferentes servizos segundo se reflicte no organigrama e relación de postos de traballo que se adxunta como Anexo a esta memoria.

As principais medidas adoptadas son as seguintes:

#### **APORTACIÓN PLAN DE PENSIÓNS:**

Considerando o disposto na Lei 3/2017 de 27 de xuño de Presupostos Xerais do Estado propónse a recuperación parcial da achega municipal ao Plan de Pensión previsto no vixente Acordo Marco e Convenio Colectivo, e que representa o 65% do importe previsto en ditas normas convencionais e que foi aplicando no ano 2011 (401,40€ por traballador e ano), e coa intención da plena recuperación progresiva segundo as posibilidades orzamentarias en vindeiras anualidades, condicionado en todo caso á aprobación da normativa orzamentaria imperativa de aplicación.

#### **ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA:**

O art. 69 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (TREBEP) establece que a planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, introduce importantes cambios nas relacións das administracións con os/as administrados/as a través do uso xeneralizado e obrigatorio das novas tecnoloxías e administración electrónica, coa finalidade de axilizar os procedementos e un pleno funcionamento do procedemento administrativo electrónico e dos documentos/arquivos que deben integralo: rexistro electrónico, arquivo electrónico. Asemade debe considerarse as obrigas derivadas da normativa en materia de transparencia previstas legalmente e contratación telemática e administración electrónica.



Por elo procede adaptar a estrutura de postos de traballo da área de tramitación administrativa aos novos requirimentos normativos, e que doten dunha mellor axilidade na resposta á cidadanía adaptando os postos de traballo existentes a esta realidade polo que se propón un plan especial de ordenación de RRHH previsto no artigo 47 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia: para a realización dun proceso de promoción interna para a cobertura de 10 prazas de “Administrativo” do subgrupo C1 polo sistema de promoción interna.

Polo que procede a convocatoria de 10 prazas do subgrupo grupo C1 vencelladas a ditos postos de Administrativo de Administración Xeral mediante proceso de promoción interna vertical dirixida ao persoal auxiliar administrativo da escala de Administración Xeral, Auxiliar Administrativo do subgrupo C2 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Unha vez concluídos os procesos de promoción interna previstos polo plan especial de ordenación de RRHH coa toma de posesión doas/as candidatas/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultados do subgrupo C2 e dos postos vencellados a ditas prazas.

#### SERVIZOS SOCIAIS:

Considerando que a Xunta de Galicia ven de conceder dentro do programa de Servizos Sociais un segundo posto de Educador/a Social subgrupo A2, procede a creación estrutural de dito posto mediante a reconversión dun posto anteriormente existente de Educadora do subgrupo C1.

#### ESCOLA DE MÚSICA:

Reflicítese a redución da dotación dun posto de profesor de música a tempo parcial que ven de quedar vacante e se reasigna a xornada correspondente entre o resto das dotacións de postos xa existentes de tan modo que se mantén a mesma dotación orzamentaria.

Considerando o disposto na lexislación de aplicación exposta, e na procura do mantemento dos servizos públicos esenciais, así como na consecución da eficacia e eficiencia na prestación dos mesmos, con atención á realidade económica e á evolución inmediata da mesma, procedeuse á elaboración do Cadro de Persoal do Concello, coa súa distinta clasificación e dotación numérica, e a Relación de Postos de Traballo por áreas cos seus respectivos códigos e facendo referencia ao destino, código do mesmo, códigos postos de traballo, denominación posto, dotación, niveis, tipo de posto, forma de provisión, titulación, situación, formación, etc... conforme modelo da Resolución de 20 de xaneiro 1989 das Secretarías de Estado e Facenda e Administracións Públicas.

A Lei 2/2011 de 4 de marzo, de Economía Sostible, establece que para garantir a sostibilidade orzamentaria, as Administracións Públicas aplicarán unha política de racionalización e contención do gasto e se adecuarán aos principios de estabilidade orzamentaria, transparencia, plurianualidade e eficacia, nos termos definidos na normativa de estabilidade orzamentaria.

A Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Orzamentaria 20/2012, impón no seu artigo 7:

*“ Las políticas de gasto público deberán encuadrarse en un marco de planificación plurianual y de programación y presupuestación, atendiendo a la situación económica, a los objetivos de política económica y al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.*

*2. La gestión de los recursos públicos estará orientada por la eficacia, la eficiencia, la economía y la calidad, a cuyo fin se aplicarán políticas de racionalización del gasto y de mejora de la gestión del sector público.*

*3. Las disposiciones legales y reglamentarias, en su fase de elaboración y aprobación, los actos administrativos, los contratos y los convenios de colaboración, así como cualquier otra actuación de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de esta Ley que afecten a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, deberán valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse de forma estricta al cumplimiento de las exigencias de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.”*



O Concello de Vilagarcía de Arousa mellorou as previsións do calendario fixado no Plan de Axuste, en consonancia mantén a aposta por asumir o groso dos investimentos con cargo recursos afectados procedentes do endebedamento financeiro e de transferencias finalistas e dedicar os recursos propios a reforzar a prestación dos servizos públicos e a actividade de fomento tanto nas liñas preexistentes como en novos ámbitos de actuación, pero dentro de parámetros de prudencia.

A pesar de que o capítulo 1 segue a ser moi representativo no conxunto do orzamento, **(37,90%)**, este equipo de goberno continuará na liña de optimizar os recursos públicos combinando con medidas de contención como é o control das horas extra etc.

Visto o cadro de persoal existente no Concello, as asignacións ós distintos servizos, e os cometidos do persoal, procedeuse á confección da relación de postos de traballo, do que resulta:

Funcionarios de carreira 223
Persoal laboral 78
Persoal eventual 3

O total do cadro de persoal ascende a 304 prazas, non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións.

Na presente proposta non se reflicte incremento algún das retribucións do persoal 2017 para o ano 2018 agás o 1% xa aplicado no exercicio 2017, e a excepción das derivadas da propia actualización dos trienios que en modo algún computan a efectos da masa salarial.

Os créditos para gastos de persoal para o exercicio 2018 se desglosan do seguinte xeito:

RESUMOS CAPITULO I	IMPORTE
1.- RETRIBUCIÓN BÁSICAS E COMPLEMENTARIAS TODO PERSOAL	7.099.927,85
2.- SEGURIDADE SOCIAL TOTAL	2.345.469,09
3.- NOCTURNIDADE/DOMINGOS/FESTIVOS/NADAL	122.300,00
4.- FORMACIÓN	10.000,00
5.- SERVIZOS EXTRAORDIARIOS FUNCIONARIOS	45.500,00
6.- GRATIFICACIONES FIXAS FUNCIONARIOS	24.636,12
7.- GRATIFICACIONES FIXAS LABORAIS	13.342,56
8.- PLAN PENSÍONS	60.464,88
9.- AXUDAS O PERSOAL	10.000,00
10.- HORAS EXTRA LABORAIS	9.899,81
11.- DOMINGOS LABORAIS	4.000,00
12.- PERSOAL NON ESTRUCTURAL	592.665,70
13.- OUTRAS REMUNERACIONES OBRADOIROS EMPREGO	18.460,18
14.- SEGURO PERSOAL MUNICIPAL	5.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>10.361.666,19</b>

**O total de retribucións se desglosa en:**

- **7.099.927,85 euros:** Se corresponden aos postos/prazas que forman parte da plantilla e aparecen valorados no cadro de persoal do Orzamento correspondente ao exercicio 2018, de acordo cos datos remitidos polo Departamento de Persoal. Se trata de 304 postos de traballo. Todos os postos para os que se prevé queden vacantes por xubilación, aparecen valorados para o exercicio completo, (os salarios dos funcionarios, persoal laboral e persoal eventual da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, que se imputará con cargo ao capítulo 1 de gastos deste Organismo Autónomo, se trata de prazas/postos de traballo que, se ben forman



parte do cadro de persoal do Concello e aparecen valorados por formar parte da plantilla, non se presupostan no capítulo I do Orzamento do Concello senón no Orzamento da FPSDM, ascendendo a 375.397,98€).

- **592.665,70€:** Se corresponden aos postos/prazas do persoal non estrutural que non aparece valorada na plantilla; dentro deste persoal son conceptos a destacar os seguintes:
  - **Retribucións dos órganos de goberno (912-100), por importe de 183.394,54 euros.**
  - **Retribucións dos auxiliares da policía local (132-131) a contratar tódolos anos polo Concello por importe de 101.450,95 euros.**
  - **Achegas municipais correspondente á contratación do Programa de Cooperación, Plan emprego Deputación e Plan Integración Risga (241-131), por importe global de 77.073,40 euros.**
  - **Achegas municipais correspondente á contratación do Programa temporal de Prevención de Incendios Forestais (135-131), por importe global de 19.490,87 euros.**
  - **Retribucións correspondentes á bolsa de auxiliares administrativos nas aplicacións 920-1200001 e 931-1200001 e as súas divisionarias para complementarias, por importe de 50.669,24€ e 21.444,11 € respectivamente.**
  - **Retribucións correspondentes ó persoal temporal da Escola de música (3262-1200001 e as súas divisionarias para complementarias) e Conservatorio (3261-1200001 e as súas divisionarias para complementarias) por importe de 30.703,42 € e 78.139,73 €.**
- **238.138,67€:** Se corresponden con gratificacións e créditos para servizos extraordinarios tanto do persoal laboral como funcionario, así como achegas para os obradoiros de emprego.

IMPORTE	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN
45.500,00 €	151	HORAS EXTRA FUNCIONARIOS
24.636,12 €	1210305	GRATIFICACIÓNS
9.899,81 €	13001	HORAS EXTRA LABORAL
11.500,00 €	1210301	DOMINGOS FUNC
22.000,00 €	1210302	NOCTURNIDAD FUNC
88.800,00 €	152/1521	FESTIVOS
4.000,00 €	1300201	DOMINGOS LABORAL FIXO
13.342,56 €	1300205	OUTRAS GRATIF LABORAL FIXO
18.460,18 €	2412-131	ACHEGAS OBRADOIROS
<b>238.138,67 €</b>		

**O total de seguridade social do Concello, (sen engadir a fundación de Deportes que ascendería a 119.102,02€), ascende a 2.345.469,09€ co seguinte desglose:**

- **2.082.086,56 euros** correspondentes á seguridade social dos postos/prazas que forman parte da plantilla e aparecen valorados no cadro de persoal do Orzamento correspondente ao exercicio 2018, de acordo cos datos remitidos polo Departamento de Persoal.
- **172.043,33€:** Se corresponden aos postos/prazas do persoal non estrutural que non aparece valorada na plantilla.
  - **10.000,00€** para plan formación persoal.
  - **60.464,88€** para achega Plan de Pensións.
  - **10.000,00€** para axudas o persoal.
  - **5.000,00€** para o seguro do persoal municipal.



- **5.874,32€** para Obradoiros de emprego.

En relación á organización da plantilla e á súa valoración, de acordo co compromiso adquirido por este Equipo de Goberno no exercicio 2017, actualmente atópase en execución a segunda fase do contrato de servizos para a actualización da Relación de Postos de Traballo.

Como se ven explicando nos orzamentos precedentes, dito propósito de actualización da RPT serviu de base para que no exercicio 2008 polo Pleno da corporación se aprobase o denominado “**anticipo especial de nómina de carácter transitorio**”, cun importe inicial de 300.000,€ prorrogado ata a finalización do proceso e en todo caso ata o 31 de decembro de 2009, se ben dende entón o Pleno da corporación con ocasión da aprobación dos orzamentos de cada exercicio económico ven prestando aprobación a este concepto retributivo que para o 2018 ascende a contía de 273.253,79 euros, de aí que en base a dita estimación se consigne dende entón baixo a denominación de “**ANTICIPO A CONTA RPT**” en conceptos de gasto de desglose propio (1210304 e 1300204) crédito por dito importe.

A nova valoración da RPT, deberá permitir regularizar a situación de xeito que as contías que correspondan en cada caso pasen a integrarse no concepto económico de retribucións complementarias (complemento específico), pois o importe consignado actualmente non deixa de ser unha estimación e a súa aplicación individualizada froito de acordo coa mesa de negociación.

Unha nova valoración da RPT é necesaria para poder valorar as diferentes gratificacións concedidas aos funcionarios por desempeñar tarefas correspondentes a postos de traballo de superior categoría e outras gratificacións e complementos que deberían estar valorados e formar parte do complemento específico.

Mantense o crédito dotado no grupo de programa 920 , para facer fronte ós posibles custos de nomeamentos de funcionarios interinos con cargo a bolsa xenérica co fin de cubrir necesidades urxentes e inaplazables de persoal por acumulación de tarefas, baixas do persoal, necesidades de reforzo en determinados servizos, mentres que o crédito dotado na área de política económica e fiscal, (931) e Urbanismo (150) obedece especificamente aos nomeamentos interinos de persoal dentro do programa VILAGARCÍA AVANZA, dos fondos FEDER.

En todo caso, ditos nomeamentos deberán axustarse ao disposto no artigo 19.2 da LOXE 2017:

*“(..)Dos. Durante el año 2017 no se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables. (...)”*

Incrementábase coa dotación para achegas municipais a Plans de Emprego para as contratacións laborais e/ou nomeamentos de funcionarios interinos realizadas ao amparo de programas de fomento do emprego, formación, e/ou práctica profesional ou similar natureza promovidos por: Deputación Provincial, Xunta de Galicia ou outras administracións.

Por outra banda, esta Alcaldía e os concelleiros con dedicación exclusiva percibirán as mesmas retribucións que as aprobadas no pleno organizativo do exercicio 2015, as cales experimentaron unha redución respecto das vixentes para a anterior lexislatura.

Este capítulo, con respecto ao Orzamento do 2017, segue situándose por debaixo do 40% .

## **CAPÍTULO II- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS**

En termos comparativos, se produce un aumento de gastos correntes nun 3,35% con respecto ao Orzamento do exercicio 2017, pasando a representar un 0,74% máis sobre o total do orzamento de gastos que no orzamento do 2017.

Os gastos recollidos neste capítulo inclúen os diferentes contratos, (renting vehículos, seguros, gastos reparación de vehículos, servizo de limpeza viaria, recollida e tratamento de lixo, mantemento de dominios web, inspección de tributos locais...).

Asimismo, inclúense neste capítulo os gastos derivados de reparacións, mantemento e arranxos nos bens de titularidade municipal, así como mantementos de equipos, ou a adxudicación de asistencia técnica como son a xurídica e de enxeñaría no programa de Oficina Técnica...etc





O proxecto de orzamento 2018 novamente pode dar cobertura a gastos excepcionais tales como revisións de prezos de contratos de xestión de servizos e expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito, (divisionaria 77).

Se continua na liña de potenciación do gasto social e acométese un aumento en programas como Igualdade nun 18,62% SPAD, Fomento do emprego nun 12,38%, Seguridade ..etc

Se dota no capítulo 2 os gastos de mantemento e funcionamento das instalacións da Galescola de Carril (Galiña azul), ao abeiro do Convenio asinado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Se consigna crédito por importe de 123.000,00 euros, así como o crédito necesario para facer fronte ao potencial fraccionamento que deberá ser solicitado para a débeda correspondente ao período 2013-2014,(33.618,69€).

Mantense nos conceptos 22706 e 22799 a dotación global de 125.000,00€ para asistencias técnicas así como para facer fronte á anualidade do contrato de servizos para a modificación da RPT.

Na aplicación 929-22699 consígnanse crédito por importe de 44.254,59€ á vista do gasto realizado no 2017 para facer fronte a gastos por expedientes de responsabilidade patrimonial, sancións e execucións xudiciais, o que permite levar un control deste tipo de gasto máis exhaustivo ao tempo que evita que este tipo de expedientes consuman o crédito consignado para o mantemento dos servizos municipais básicos.

Ao igual que no exercicio anterior, para este exercicio non se consignará o crédito necesario para facer fronte o importe correspondente aos posibles xuros de demora derivados da devolución do préstamo FOMIT "Luz Salgada", se ben explicar que o escenario mudou considerablemente pois polo Supremo recoñeceuse a competencia autonómica na materia e en base a dita sentenza pola Consellería competente ditouse resolución de reintegro por importe de 465.232,36€ que foi aboada en data .

Non obstante, polo Estado tense presentado recurso contra dita liquidación por entender que o importe é correcto a liquidar sería o reclamado no seu día polo Ministerio, (1.375.172,89€).

En consecuencia, de estimarse a impugnación estatal o Concello tería que facer fronte a diferenza entre o reclamado no seu día polo Estado en concepto de xuros e o importe aboado á Xunta en dito concepto, o que daría unha débeda por importe de 909.940,53€.

En base a dita situación polo Equipo de Goberno decidiuse non consignar crédito no exercicio 2018 a esperas da resolución xudicial; no caso de que finalmente deba asumirse con cargo os orzamentos municipais a débeda reclamada, a dotación crediticia veríase minorada en todo caso polo importe de 67.190,71€ que é o saldo que figura xa como obriga recoñecida pendente de pago dende o exercicio 2014 unha vez que foi aboada a liquidación da Xunta.

En consecuencia terían que dotarse 842.749,82€, para o cal se solicitaría fraccionamento a 5 anos; estudarase a mellor opción orzamentaria tendo en conta as dispoñibilidades crediticias de cada momento.

### **CAPÍTULO III. –GASTOS FINANCEIROS**

Recolle os xuros e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas pola Entidade, así como os gastos de emisión, formalización e cancelación das mesmas. Para o cálculo dos xuros, estableceuse un criterio de prudencia ó considerar un tipo fixo do 1% para todos os casos a excepción dos préstamos concertados con tipo fixo.(Estado da Débeda facilitado pola Tesourería Municipal)

Este capítulo vese minorado nun **41,94%** debido tanto ás amortizacións ordinarias e extraordinarias como á operacións de refinanciamento de préstamos executadas nos exercicios precedentes

### **CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES**

Son os créditos destinados a achegas por parte da Entidade Local sen contraprestación directa dos axentes perceptores e con destino a financiar operacións correntes. Nas bases de Execución



do ORZAMENTO recóllense as subvencións nominativas correspondentes ó Capítulo 4 de Gastos a conceder durante o exercicio 2018 sendo o importe total de 189.200,00 €.

Esta área experimenta un incremento do **3,45%** debido ao incremento en diferentes conceptos.

Destaca novamente a partida de axudas de emerxencia de pago único en resposta ao continuo incremento da demanda que volve a engadir 90.000,00€ para facer fronte a modalidade de axudas para gastos derivados da propiedade, e tamén das axudas de lactancia infantil, á vista do informe do Departamento de Servizos Sociais.

Dótanse 9.000,00€ para a concesión de premios dentro da liña de fomento do emprego para emprendedores.

Incrementábase a dotación para axudas ao estudo.

Se continua na liña de fomento do transporte público incrementando a dotación para novos convenios.

Mantense a dotación da subvención para a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, incrementábase novamente a dotación para a subvención a favor da Banda de Música Municipal en 3.270,00€, a dotación para a subvención a favor da Asociación Protectora de Animais en 10.000,00€, así como a dotación para a subvención ás Mancomunidades de Montes en 15.000,00€ para labores de mantemento e desbroce dentro do programa de Medio Ambiente.

A aplicación orzamentaria máis significativa é a correspondente achega a realizar ó Organismo Autónomo Fundación de Deportes por importe que incrementábase en 30.000,00€ respecto ó 2017. Tamén destaca o incremento do crédito para becas de estudo para fillos dos empregados municipais en 14.000,00€

Se dota o crédito para as achegas á Mancomunidad do Salnés á vista das derradeiras liquidacións do 2017 e o gasto que supón o combustible que empregan as máquinas que son cedidas puntualmente ao Concello para traballos realizados no termo municipal e que corre a conta do Concello, (943-46300)

Mantense a contía consignada na modalidade de transferencia corrente na aplicación 4311-452 para facer fronte á achega do Concello á fundación FEXDEGA, por importe de 70.000,00€.

#### **CAPÍTULO V- FONDO DE CONTINXENCIA**

A consignación inicial vén determinada legalmente nun **0,5%** da total dos gastos non financeiros (Cap. 1,2 e 4), co fin de atender a necesidades inaprazables de carácter non discrecional para as que non se fixo, en todo ou en parte, a axeitada dotación orzamentaria, dotación que aparecerá consignada na aplicación 929-500.

O funcionamento e natureza deste capítulo e o seu crédito ven regulado na base 31ª das BEO 2018, ás que me remito.

#### **CAPÍTULO VI- INVERSIÓN REAIS**

Outro capítulo destacado do presente proxecto de orzamento é o capítulo VI, o seu importe ven determinado pola previsión da concertación dunha nova operación de endebedamento a longo prazo por importe de 1.130.000,00€ que se destinará nun **83,70%** diferentes investimentos vencellados a servizos municipais básicos como son obras de accesibilidade, acondicionamento das Casa de Cultura, mantemento dos parques infantís o obras de acondicionamento no rural entre outros, destacando o crédito dotado parara facer fronte a sentenza que condena ao Concello a aboar a contía de 230.082,72€ en concepto de xustiprezo polos terreos sitos na Avda. Rivero de Aguilar.

A porcentaxe restante (**16,30%**), destínase principalmente ao financiamento da redacción de proxectos de inversión, direccións de obra e coordinacións de seguridade e saúde para o que se dota a contía de 147.900,00€ na aplicación 150-640, a maiores dótase crédito para pequenos investimentos financiados cargo a recursos propios vinculados ao funcionamento ordinario dos servizos.



Os créditos orzamentarios para Inversións Reais supoñen o **4,94%** do total do Orzamento, fronte o 6,24% dos orzamentos municipais correspondentes ao ano 2017, a minoración obedece ao menor importe da operación de crédito proxectada.

Polo tanto, queda constancia da vontade de continuar acometendo actuacións con repercusión no inmovilizado municipal con cargo ao endebedamento financeiro ao tempo que poden seguirse asumindo de xeito autosuficiente inversións de certa entidade.

Remítome ao anexo de investimentos no referente ás características de cada inversión.

#### **CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL**

En relación coas transferencias de capital, como novidade respecto o exercicio 2017 destaca o incremento da achega municipal para os gastos de capital da Banda de Música municipal en virtude de do convenio subscrito con dita asociación que se incrementa en 500,00€; a dotación de crédito na aplicación 1522-770 por importe de 30.000,00€ para unha nova liña de axudas para obras de accesibilidade a establecementos privados, así como a dotación para unha subvención nominativa de capital na aplicación 231-78002 por importe de 40.000,00€.

O crédito para axudas de emerxencia para gasto hipoteca que se imputarán na aplicación orzamentaria 231-78001, que mantense idéntica respecto ao exercicio anterior en 30.000,00€.

Representa un 0,47% sobre o total do orzamento, incrementándose nun 0,29% respecto ao 2017.

#### **CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANZEIROS**

En correlación có capítulo 8 de ingresos, recolle ós créditos destinados a concesión de préstamos ó persoal, mantendo o importe do exercicio anterior e representando un **0,55%** sobre o total do orzamento.

#### **CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANZEIROS**

Recóllense os gastos que realiza o Concello como consecuencia da amortización de créditos e pasivos financeiros da entidade. A estimación procede dos datos facilitados pola diferentes entidades bancarias e polo Estado da Débeda.

Este capítulo vese minorado respecto o 2017 nun **6,44%** como consecuencia da sucesiva minoración da débeda viva tanto polas amortizacións ordinarias como polas extraordinarias en aplicación do superávit obtido na liquidación do exercicio precedente.

Dado que a operación proxectada contaría cun ano de carencia non se engaden cotas de amortización para a mesma.

#### **B) ESTADO DE INGRESOS:**

CAPITULO	2017	2018	DIFERENZA	PORCENTAXE	S/O 2017	S/O 2018	DIFERENZA
Impostos directos	9.655.268,01	10.052.156,96	396.888,95	4,11%	35,80%	36,77%	-0,97%
Impostos indirectos	383.591,24	374.507,36	-9.083,88	-2,37%	1,42%	1,37%	0,05%
Taxas e outros ingresos	5.882.343,45	5.946.938,32	64.594,87	1,10%	21,81%	21,75%	0,06%
Transferencias correntes	9.584.460,72	9.684.658,11	100.197,39	1,05%	35,54%	35,42%	0,11%
Ingresos patrimoniais	12.351,12	2.417,35	-9.933,77	-80,43%	0,05%	0,01%	0,04%
<b>INGRESOS CORRENTES</b>	<b>25.518.014,54</b>	<b>26.060.678,10</b>	<b>542.663,56</b>	<b>2,13%</b>	<b>94,61%</b>	<b>95,32%</b>	<b>-0,71%</b>
Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Transferencia de capital	53.420,40	0,00	-53.420,40	-100,00%	0,20%	0,00%	0,20%
<b>INGRESOS CAPITAL</b>	<b>53.420,40</b>	<b>0,00</b>	<b>-53.420,40</b>	<b>-100,00%</b>	<b>0,20%</b>	<b>0,00%</b>	<b>0,20%</b>
Activos financeiros	150.000,00	150.000,00	0,00	0,00%	0,56%	0,55%	0,01%
Pasivos financeiros	1.250.000,00	1.130.000,00	-120.000,00	-9,60%	4,63%	4,13%	0,50%
<b>TOTAL</b>	<b>26.971.434,94</b>	<b>27.340.678,10</b>	<b>369.243,16</b>	<b>1,37%</b>	<b>100,00%</b>	<b>100,00%</b>	<b>0,00%</b>



O Orzamento de ingresos para o exercicio 2018 aumenta un **1,37%** con respecto ao Orzamento de ingresos do exercicio 2017. As previsións iniciais do 2017 aumentan **369.243,16 euros**, de forma que as previsións iniciais para o 2018 son de **27.340.678,10€**.

## **CAPÍTULO I- IMPOSTOS DIRECTOS**

Neste capítulo recóllense os recursos procedentes dos impostos máis importantes que se xeran no municipio. Comprende o Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, incrementándose en cómputo global nun 4,11% representando un 36,77% do tal do Estado de ingresos.

Para elaborar as previsións dos capítulos I a III do estado de ingresos tivéronse en conta os dereitos recoñecidos no exercicio 2017. Non obstante, no caso dos tributos exaccionados a través de padrón consideráronse os importes dos padróns do 2017 coas modificacións contempladas nos expedientes de Ordenanzas Fiscais para o 2018 aprobados inicialmente.

O capítulo 1 experimentan un incremento de 396.888,95€ pese a modificación á baixa do tipo do IBI urbana ao 0,53%.

O principal responsable da subida é o concepto relativo á Inspección de IAE, (13002), que por primeira vez é dotado de previsións iniciais debido á adxudicación do contrato con dito obxecto no exercicio 2017 e polo que se estima obter novos ingresos, incrementándose en 300.000,00€; sen embargo non se prevén ingresos en materia de inspección fiscal en materia de plusvalías (11601), debido a que a inspección en dita materia tributaria atópase suspensa ata a nova redacción dos artigos da Lei de Facendas Locais declarados inconstitucionais que lle afecta directamente, de ahí que non se atope engadido dito tributo na programación de inspección e polo tanto non se consignan previsións iniciais.

Pola súa parte, as previsións para o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana e sofre unha destacada minoración de case o 50% respecto o 2017, polos motivos expostos no parágrafo anterior; en efecto, o tributo non está sendo obxecto de liquidación ao ser declarado inconstitucional o precepto que o regula e derivar en impugnacións polos contribuíntes as liquidacións practicadas.

Finalmente, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica incrementase nun 2,11%.

## **CAPÍTULO II- IMPOSTOS INDIRECTOS**

Este capítulo baseado exclusivamente no ICIO redúcese globalmente nun 2,37%, tomando como referencia as previsións da Tesoureira en base os DRN a decembro de 2017 así como criterios de prudencia xa que debemos seguir sendo conscientes de que o importe dos DRN neste concepto sempre responderá parcialmente a expedientes concretos con incidencia puntual no exercicio tomado como referencia que en modo algún poden pasar a adquirir a natureza de estruturais, e non a unha mellora na actividade económica que permita considerar como estrutural o 100% do incremento, de feito no exercicio 2017 o concepto 29000 presentou un déficit de execución de -125.199,13€, pero as previsións para 2018 non foron minoradas estritamente en dita contía, se non que en base ás previsións da Tesourería municipal sofren só unha minoración do 23,22%.

En base ao mesmo criterio seguido en materia de inspección de IAE, se dota inicialmente previsións de ingresos por inspección de ICIO (29001), por importe de 80.000,00€, o que permite compensar o descenso da recadación por ICIO.

O principio de realismo que debe dirixir as previsións nun proxecto de orzamento e o carácter altamente incerto dos conceptos de ingreso do capítulo 2 así como a súa natureza vinculada estreitamente á actividade económica impón unha estimación prudente e restritiva dos mesmos, e calquera desviación relevante apreciada para estes conceptos de ingresos nos informes de seguimento de execución do orzamento deberá dar lugar ás medidas correctivas que sexan



precisas en aras da estabilidade orzamentaria declarando plenariamente non dispoñibles aqueles créditos que se estimen reducibles sen causar perturbación no desenvolvemento dos servizos.

### **CAPÍTULO III- TAXAS E OUTROS INGRESOS**

Tal e como se establece na Memoria da alcaldía para este exercicio 2018, non se acometeu ningún incremento pero si acometéronse actualizacións das taxas e prezos públicos municipais consistentes en novas bonificacións, actualización de IPC...etc, polo que este capítulo orzamentouse en base ao informe da Tesoureira municipal obrante no expediente que ten en conta ditas medidas.

Concretamente para o caso das taxa vinculadas aos principais servizos básicos, mantéñense practicamente igual que para o 2017, agás o concepto de recollida do lixo, (30200), que incrementábase nun 2,26% en base á facturación de grandes produtoras.

Outros conceptos que experimentan subidas destacadas son as Licenzas de apertura, Comercio e Industria, así como Inspección por licencias urbanísticas, (32101), que polo mesmo motivo explicado para Inspección de IAE e Inspección de ICIO, por primeira vez é dotado con PI por importe de 20.000,00€ en concepto de inspección.

Os conceptos que experimentan as baixadas máis destacadas son os vinculados ao servizo de tramitacións de licenzas urbanísticas, (32100), Compensación Telefónica, (33800), Taxa ocupación subsolo, (33905), o prezo público por actividades culturais, deportivas e de ocio, (34400), así como xuros de demora (39300), e outros ingresos indeterminados (39900).

Pese a elo, este capítulo experimentan un lixeiro aumento do 1,10%, aumentando en 64.594,87€.

Todas as previsións no Capítulo 3 de Ingresos se adecúan á información remitida polo departamento de Tesourería, agás no concepto 34100 referido ao prezo público polo servizo de axuda a domicilio (SAF) no que se tomou como referencia o informe remito polo servizo; Nembargante, de non recadarse a contía que se prevé inicialmente o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais podería verse afectado.

### **CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES**

As aplicacións orzamentarias máis importantes son as que corresponden á participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, así como as transferencias correntes desta última destinados a determinados servizos.

A Participación nos Impostos do Estado (PIE), sofre unha mínima minoración respecto ao 2017 do 0,07%€ ascendendo para o 2018 a 7.362.831,24€, tomando como referencia a execución de 2018 xa que ata a data non se ten información actualizada das Previsións para o 2018 ao non estar aprobados os orzamentos xerais do Estado 2018.

Como cada exercicio económico a contía da PIE minórase polo importe das cotas das liquidacións negativas das PIE 2008 e 2009.

Establécese con carácter definitivo, a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, denominada Fondo de Cooperación Local, estimando para este exercicio a mesma cantidade que para o 2017, 1.163.803,20 euros, en base a derradeira comunicación recibida da Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda, de 31 de decembro de 2017.

En canto ás subvencións por transferencias correntes estimáronse en base aos últimos compromisos de ingreso, a información facilitada polos diferentes servizos afectados, resolucións de concesión ou ingreso das mesmas nas arcas municipais, e no seu defecto, tomouse como referencia o importe concedido no exercicio anterior, tales como subvencións para sostemento do servizo de Drogodependencia, Servizos Sociais de Base (Plan Concertado), Servizo de Axuda no fogar, Dependencia, Escola Infantil, ADL, Conservatorio, Escola de Música, Aula Cemit.....etc.

O impacto do incremento das subvencións finalistas concedidas case de xeito estrutural para os diferentes servizos municipais indicados, se traduce nun incremento global do capítulo nun 1,05%.



#### **CAPÍTULO V- INGRESOS PATRIMONIAIS**

Se consignan as previsións de ingresos por xuros das contas correntes operativas do Concello e por cánones de explotación de bens de titularidade municipal.  
Non se contemplan ingresos procedentes de convenios urbanísticos.

#### **CAPÍTULO VI- ALLEACIÓN DE INVERSIÓN REAIS**

Non se contempla no presente ORZAMENTO.

#### **CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL**

As transferencias de capital trátanse de recursos afectados que financian obras incluídas no Anexo de Inversións do ORZAMENTO; Non se contemplan ingresos.

#### **CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS**

Recolle os ingresos procedentes dos reintegros de préstamos a conceder ó persoal do Concello pola contía habitual de 150.000,00€.

#### **CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS**

Se prevé a concertación dunha operación de crédito afectado o seu Anexo de Investimentos por importe de 1.130.000,00€ ao non atoparse afectado polas limitacións impostas nesta materia polo TRLRFL 2/2004, pola DF 31ª da Lei 27/2012 de Orzamentos Xerais do Estado 2013, artigo 13 da LO 20/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En calquera caso, tratase duna operación proxectada e tal e como se constata no informe de Intervención INT/2018/40-1, haberá que esperar á liquidación do exercicio 2017 para poder determinar o volume de endebedamento a efectos da formalización da operación proxectada.

#### **C) BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.**

As Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2018 sofren novamente as modificacións propias dun documento de natureza altamente dinámica como é este, consecuencia da necesidade de adaptalas aos cambios normativos así como de dar resposta a necesidades que foron facéndose patentes ao longo do exercicio 2017 ou a vista das indicacións do propio equipo de goberno. Podemos resumi-las nas seguintes:

- Modifícase a base 9ª para simplificar o procedemento a seguir no caso de modificacións do Anexo de Investimentos.
- Modifícase a base 11ª para dar cabida a novos supostos de ampliación de créditos en base a sinistros.
- Modifícase a base 15ª para dar cabida a un suposto simplificado de baixas por anulación.
- Modifícase novamente a base 20ª para mellora do sistema de xestión contable na tramitación dos expedientes de gasto.
- Créase unha nova base 21ª relativa a especificidades na execución orzamentaria, especialmente as relativas ao peche contable, o que provoca a reenumeración das seguintes bases.
- Se modifica a base 23ª relativa á ordenación de pagos.
- Se modifica a base 33ª relativa a actos de xestión relativos aos ingresos.
- Se modifica a base 42ª e 43ª relativas a aprazamento de débedas e tramitación de embargos.
- Modifícase a táboa das subvencións nominativas en metálico dando cabida a nova subvención de capital do programa 231.
- Modifícase a base 59ª relativa a publicidade do período medio de pago.

#### **D) TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO:**

A LOEOSF obriga á aprobación dun teito de gasto non financeiro para cada exercicio.

Para o cálculo do teito de gasto, o artigo 31 da Lei 20/2012 establece:

*“1. El Estado, las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales aprobarán, en sus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto no financiero, coherente con el objetivo de*



estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus Presupuestos.

El límite de gasto no financiero excluirá las transferencias vinculadas a los sistemas de financiación de Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales.(...)"

En definitiva, o artigo 30 esixe ás Entidades Locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos los anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre có obxectivo de estabilidade e coa regra del gasto, pero non se establece a obriga de remisión de información sobre o mesmo, só aproba-lo.

O teito de gasto non financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados para o exercicio 2018, que debe ser coherente có obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto analizados no informe da Intervención municipal **INT/2018/40-2**, ascende a **22.652.731,61€**:

TEITO DE GASTO CONSOLIDADO	
<b>COHERENCIA CÓ LÍMITE DE ESTABILIDADE</b>	
CAPITULOS 1-7 INGRESOS	<b>24.535.987,86</b>
CAPÍTUSLO 1-7 GASTOS	22.948.955,59
NECESIDAD/CAPACIDAD FINANCIACIÓN	1.587.032,27
<b>COHERENCIA COA REGRA DE GASTO</b>	
<b>GASTO COMPUTABLE 2017+CAP 3 E INGRESOS FINALISTAS 2018</b>	<b>22.652.731,61</b>

LÍM.GASTO NON FINANCEIRO	CONSOLIDADO	22.652.731,61
Límite Gasto no financ / partiendo de Regla de Gasto		<b>22.652.731,61</b>
Límite Gasto no financ /Cálculos Estabilidad presusp.		24.535.987,86

### CONCLUSIÓN:

Pese á previsión optimista, persiste un complicado escenario socio-económico marcado polo paro e unha notoria situación de emerxencia social que obriga a elaborar uns orzamentos na liña do crecemento, pero prudentes e realistas, que destinen a práctica totalidade dos maiores ingresos á mellora dos servizos básicos, incrementando tanto medios persoais como materiais así como as axudas de diversa índole, reforzando as existentes, pero tamén implementando novas liñas de fomento, aínda que segue a ser preciso acudir ao endebedamento para dar cobertura a tódalas necesidades.

**Como se pode apreciar nas gráficas que acompañan a esta Memoria, presentamos un Orzamento para o exercicio 2018 no que, dada a situación económica do Concello, é posible reforzar o gasto en bens e servizos correntes, facendo fronte a expedientes de revisións de prezos, reforzar as políticas de benestar social, educación e cultura, patrimonio, igualdade, continuar cos obxectivos de axuda ao emprego, asumir novas liñas de fomento e reforzar as existentes, ao tempo que incluso pode volver a asumirse con cargo a recursos propios investimentos.**

Neste orzamento, o aumento tendencial dos ingresos, xunto coa redución de certas partidas, permite incrementar o gasto corrente dentro da marxe da regra de gasto e dos obxectivos de estabilidade e sostibilidade, así como acometer novas inversións aumentando o nivel de endebedamento dentro duns límites moi restritivos e suplindo esa menor marxe de manobra do exercicio precedente coa rentabilización de excedentes de financiamento.

O proxecto de orzamento 2018 recolle unhas previsións de ingresos reais e prudentes, suficientes para a cobertura dos gastos baseados na lixeira mellora da situación da economía o que nos permite contar con importantes previsións iniciais en conceptos inexistentes nos



anteriores exercicios tales como inspeccións de IAE, ICIO ou licenzas urbanísticas apostando pola inspección fiscal.

O proxecto de orzamento para o exercicio 2018 do Concello de Vilagarcía de Arousa reflicte a evolución tendencial da economía o tempo que responde a unha serie de medidas e políticas de xestión en materia de gastos que implican un incremento dos gastos estimando que será liquidado dentro dos obxectivos fiscais de regra de gasto, estabilidade e sostibilidade financeira. Unha vez analizado o Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2018, atopamos un orzamento cunha lixeira desviación o alza do **6,42%** respecto das previsións das liñas fundamentais do orzamento para o 2018, motivada fundamentalmente pola previsión da operación de endebedamento que non se contemplou na confección das liñas 2018 así como pola inclusión de ingresos por labores de inspección fiscal que nas liñas fundamentais non foron tidos en conta; Un orzamento equilibrado, estable, sostible e que cumpre coa regra de gasto e por iso, estimo que é posible facer efectivo o compromiso deste goberno de seguir executando as políticas necesarias sen menoscabo da calidade dos servizos mínimos municipais necesarios, nin esquecer o obrigado compromiso coas políticas asistenciais, permitindo no seu conxunto unha xestión eficaz do gasto público dentro dunha política de austeridade, sen esquecer as accións destinadas a servizos e actividades de solidariedade social prestados polo propio Concello, en beneficio do interese xeral e do conxunto da cidadanía do Concello de Vilagarcía de Arousa.

**O Alcalde,**  
**Alberto Varela Paz**

Dáse conta así mesmo da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

**PROPOSTA ALCALDÍA-PRESIDENCIA: CADRO DE PERSOAL (PLANTILLA), RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ANEXO PERSOAL (VALORACIÓN ORZAMENTARIA), E TEMAS DE PERSOAL ANO 2018:**

Visto o cadro de persoal existente no Concello e as asignacións de postos de traballo a os distintos servizos, así como os cometidos desempeñados e requiridos polas necesidades de servizo público, procedeuse á confección da relación de postos de traballo, do que resulta:

Funcionarios de carreira 223

Persoal laboral 78

Persoal eventual 3

O total do cadro de persoal ascende a 304 prazas, non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións.

Considerando as necesidades prioritarias de contar con persoal suficiente en determinadas área e departamentos segundo a capacidade de auto-organización que corresponde a esta Administración, procedeuse á reorganización de postos de traballo en diferentes servizos segundo se reflicte no organigrama e relación de postos de traballo que se adxunta a esta proposta.

**APORTACIÓN PLAN DE PENSIÓNS**

Considerando o disposto na Lei 3/2017 de 27 de xuño de Presupostos Xerais do Estado proponse a recuperación parcial da achega municipal ao Plan de Pensión previsto no vixente Acordo Marco e Convenio Colectivo, e que representa o 65% do importe previsto en ditas normas convencionais e que no ano 2017 foi un importe mensual por empregado de 16,74€ e un total anual de 200,88€. E coa intención da plena recuperación progresiva segundo as posibilidades orzamentarias en vindeiras anualidades.

**ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**

O art. 69 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (TREBEP) establece que a planificación





dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

A Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, introduce importantes cambios nas relacións das administracións con os/as administrados/as a través do uso xeneralizado e obrigatorio das novas tecnoloxías e administración electrónica, coa finalidade de axilizar os procedementos e un pleno funcionamento do procedemento administrativo electrónico e dos documentos/arquivos que deben integralo: rexistro electrónico, arquivo electrónico. Asemade debe considerarse as obrigas derivadas da normativa en materia de transparencia previstas legalmente e contratación telemática e administración electrónica.

Por elo procede adaptar a estrutura de postos de traballo da área de tramitación administrativa aos novos requirimentos normativos, e que doten dunha mellor axilidade na resposta á cidadanía adaptando os postos de traballo existentes a esta realidade polo que se propón un plan especial de ordenación de RRHH previsto no artigo 47 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia: para a realización dun proceso de promoción interna para a cobertura de 10 prazas de "Administrativo" do subgrupo C1 polo sistema de promoción interna.

Polo que procede a convocatoria de 10 prazas do subgrupo grupo C1 vencelladas a ditos postos de Administrativo de Administración Xeral mediante proceso de promoción interna vertical dirixida ao persoal auxiliar administrativo da escala de Administración Xeral, Auxiliar Administrativo do subgrupo C2 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Unha vez concluídos os procesos de promoción interna previstos polo plan especial de ordenación de RRHH coa toma de posesión doas/as candidatos/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultados do subgrupo C2 e dos postos vencellados a ditas prazas.

#### SERVIZOS SOCIAIS

Considerando que a Xunta de Galicia ven de conceder dentro do programa de Servizos Sociais un segundo posto de Educador/a Social subgrupo A2, procede a creación estrutural de dito posto mediante a reconversión dun posto anteriormente existente de Educadora do subgrupo C1.

#### ESCOLA DE MÚSICA

Reflicítese a redución da dotación dun posto de profesor de música a tempo parcial que ven de quedar vacante e se reasigna a xornada correspondente entre o resto das dotacións de postos xa existentes de tan modo que se mantén a mesma dotación orzamentaria.

Considerando o disposto na lexislación de aplicación exposta, e na procura do mantemento dos servizos públicos esenciais, así como na consecución da eficacia e eficiencia na prestación dos mesmos, con atención á realidade económica e a evolución inmediata da mesma procedeuse á elaboración do Cadro de Persoal do Concello, coa súa distinta clasificación e dotación numérica, e a Relación de Postos de Traballo por áreas cos seus respectivos códigos e facendo referencia ao destino, código do mesmo, códigos postos de traballo, denominación posto, dotación, niveis, tipo de posto, forma de provisión, titulación, situación, formación, etc... conforme modelo da Resolución de 20 de xaneiro 1989 das Secretarías de Estado e Facenda e Administracións Públicas.

O artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal que deberá comprender tódolos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

En consecuencia, proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

1.- Aprobar a convocatoria de procedemento de promoción interna de 10 prazas de Administrativo subgrupo C1 da escala de Administración Xeral a través dun Plan de ordenación



de RRHH para a reorganización dos postos de traballo e prazas vencelladas dentro do grupo C de Administración Xeral. Unha vez concluído o proceso de promoción interna coa toma de posesión doas/as candidatas/as que a superen procederase á amortización das prazas de resultados do subgrupo C2 (auxiliar administrativo) e postos de xefatura de grupo vacantes. Cunha dotación prevista no ano 2018 completo de 26.135,19€.

2.- Procede incrementar nun 15% a achega individual ao Plan de Pensións municipal ata o importe mensual de 19,25€/mes e un importe anual de 231,01€ por empregado/a, sendo a partida total de 69.996,03€.

3.- Aprobar o Cadro de Persoal (Plantilla) e a Relación de Postos de Traballo deste Concello, coas súas retribucións para o ano 2018, que se unen como anexo a esta proposta.

4.- Publicar o cadro de persoal e relación de postos de traballo aprobados, integramente no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do Orzamento, e que se remita copia ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

5.- Ratificar o pacto da Mesa Xeral de Negociación do persoal funcionario para aprobar a modificación do artigo 47 do Acordo Marco que queda redactado nos seguintes termos:

**“Artigo 47 .- AXUDA DE ESTUDOS PARA O PERSOAL E OS SEUS FILLOS**

Todo o persoal funcionario de carreira do Concello ou funcionario interino por un tempo acumulado igual ou superior a dous anos, e que este en servizo activo, percibirá, previa acreditación documental, as seguintes axudas por estudos de fillos/as menores de 26 anos:

- Fillos/as en Educ. Infantil e/ou gardería (0-6 anos)	50€ ano/fillo
- Fillos/as en Educación Primaria	70€ ano/fillo
- Fillos/as en ESO ou equivalente	95€ ano/fillo
- Fillos/as en Bacharelato ou Ciclo formativo de grao medio	130€ ano/fillo
- Fillos/as en Ciclo formativo de grao superior	165€ ano/fillo
- Fillos/as en Grao/Máster Universitario	325€ ano/fillo

Os estudos anteriores entenderase comprendidos aqueles de educación especial ou equivalentes ou análogos previstos nun plan de estudos oficial.

Os importes anteriores ponderaranse segundo a renda bruta media da unidade familiar segundo a seguinte escala:

- Ata 18.000€ medios por membro da unidade familiar:	percepción do 100%
- De 18.001€ ata 22.000€ medios por membro da unidade:	percepción do 80%
- De 22.001€ ata 25.000€ medios por membro da unidade:	percepción do 70%
- De 25.001€ en adiante, medios por membro da unidade:	percepción do 60%

Estas becas serán incompatibles coa percepción doutras similares que outorgue a Administración. No caso de que a axuda outorgada pola outra Administración sexa de contía inferior á prevista neste artigo, o traballador/a terá dereito á diferenza resultante.”

6.- Ratificar o pacto da Comisión de Negociación do persoal laboral do Concello de Vilagarcía de Arousa integrada pola representación do Concello e pola parte social polos/as membros do Comité de Empresa, para aprobar a modificación do artigo 41 do Convenio Colectivo que queda redactado nos seguintes termos:

**“Artigo 41 .- AXUDA DE ESTUDOS PARA O PERSOAL E OS SEUS FILLOS**

Todo o persoal laboral fixo do Concello ou laboral cun tempo de traballo acumulado igual ou superior a dous anos, e que este en servizo activo, percibirá, previa acreditación documental, as seguintes axudas por estudos de fillos/as menores de 26 anos:

- Fillos/as en Educ. Infantil e/ou gardería (0-6 anos)	50€ ano/fillo
- Fillos/as en Educación Primaria	70€ ano/fillo
- Fillos/as en ESO ou equivalente	95€ ano/fillo
- Fillos/as en Bacharelato ou Ciclo formativo de grao medio	130€ ano/fillo
- Fillos/as en Ciclo formativo de grao superior	165€ ano/fillo
- Fillos/as en Grao/Máster Universitario	325€ ano/fillo



Os estudos anteriores entenderase comprendidos aqueles de educación especial ou equivalentes ou análogos previstos nun plan de estudos oficial.

Os importes anteriores ponderaranse segundo a renda bruta media da unidade familiar segundo a seguinte escala:

- Ata 18.000€ medios por membro da unidade familiar: percepción do 100%
- De 18.001€ ata 22.000€ medios por membro da unidade: percepción do 80%
- De 22.001€ ata 25.000€ medios por membro da unidade: percepción do 70%
- De 25.001€ en adiante, medios por membro da unidade: percepción do 60%

Estas becas serán incompatibles coa percepción doutras similares que outorgue a Administración. No caso de que a axuda outorgada pola outra Administración sexa de contía inferior á prevista neste artigo, o traballador/a terá dereito á diferenza resultante.”

Nembargante a Corporación acordará o que estime pertinente.

En Vilagarcía de Arousa a 14 de marzo de 2018.

O Alcalde-Presidente

D. Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio de 2018, anexo de investimentos, operación de crédito que o financia e teito de gasto non financeiro, Así como o cadro de persoal, relación de postos de traballo, convocatoria procedemento de promoción interna e modificación Acordo Marco e Convenio Colectivo.

#### **A SECRETARIA DA COMISIÓN**

Mª Rosa Losada Suárez  
Sinatura dixitalizada